

Conto de Medo

Según rezan contos vellos
e moi antigas consellas
os lobos feroces comen
as inocentes ovellas.

Cando as ovellas están
en calquer monte ou pasteiro
pódense ollar sorprendidas
polo lobo carniceiro.

E hai lobos moi astutos:
para acabar cun rabaño
métese entre as ovellas
disfrazados de pel de año.

E hai lobos tan agudos,
tan agudos lobos hai
que caen sobre as ovellas
sen deixarlles dicir: *ai!*

Mais nestes tempos de agora
xa hai un invento novo:
é que aparecen ovellas
que acaban comendo o lobo!